

BASES DA PARTICIPACIÓN DE FIGURANTES INFANTÍS NA CABALGATA DE REIS DO CONCELLO DE CULLEREDO 2026

1.- Obxecto

O servizo de dinamización local pretende regular coas presentes bases a participación de figurantes infantís na Cabalgata de Reis do Concello de Culleredo, que se celebrará o 5 de xaneiro de 2026.

2.- Participantes

Pódense inscribir todos os nenos e nenas que, na data do 1 de xaneiro de 2026, teñan unha idade comprendida entre os 8 e os 10 anos. O total de prazas ofertadas será de 50. Terán preferencia os nenos e nenas empadroados/as no Concello de Culleredo.

3.- Inscripción

O período de inscrición de solicitudes será desde as 9.00 h do 24 de novembro de 2025 ata as 00.00 h do 10 de decembro de 2025. Haberá que facer unha solicitude por cada un dos/as nenos/as que queiran participar.

As solicitudes formalizaranse a través da sede electrónica do Concello de Culleredo (<https://sedeelectronica.culleredo.es>) achegando o impreso de participación que se pode descargar na páxina web. Para calquera información adicional as persoas interesadas pódense poñer en contacto co servizo de dinamización local no número de teléfono 981.664204.

4.- Sorteo

Procederase a un sorteo das prazas que terá lugar o 19 de decembro, ás 11.00 h, no Centro municipal de Formación Pablo Picasso. A cada unha das solicitudes debidamente cubertas asinaráselle correlativamente un número, que será o que se teña en conta para o sorteo de adxudicación de prazas. Ese día cada neno/a saberá que carroza lle corresponda o día da cabalgata.

Para a adxudicación das prazas extraerase ao chou un número, e a patir dese número e de forma correlativa iranse asinando as prazas das carrozas.

Unha vez finalizada a adxudicación, comunicaráselles aos figurantes mediante un correo electrónico a información necesaria para recoller o vestiario dos figurantes indicando o lugar, o día e a hora.

Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha listaxe de agarda para cubrir posibles baixas ou novas necesidades. Se algún dos figurantes admitidos non puidera participar na cabalgata, deberao comunicar no Centro municipal de formación Pablo Picasso mediante correo electrónico a turismo@culleredo.es o antes posible para que poda ser substituído/a pola persoa que, por rigorosa orde conste na lista de agarda.